

## **PEDRO Y EL CAPITÁN, MARIO BENEDETTI**

Con intención de celebrar coas nosas lecturas o Día da Paz, o 1 de febreiro reunimos o noso Club de adultos para comentar unha obra de teatro pouco coñecida do autor uruguaio Mario Benedetti.

Neste drama teatral brevísimo, Benedetti propón a historia dun preso político (Pedro) que está a ser torturado por un torturador (o Capitán) nun lugar descoñecido para os lectores, pero que podería ser calquera das ditaduras militares que se viviron en Sudamérica ao longo da segunda metade do século XX.

Estamos ante un longo diálogo entre Pedro e o Capitán que trata de mostrar as diferenzas políticas, ideolóxicas e morais que sustentan o comportamento de vítima e verdugo.

A lectura da obra suscitou un debate moi interesante.



Así, unha parte dos/as participantes no Club destacou a enorme capacidade do autor para transmitir o valor e a dignidade da vítima tratando de defender con silencio aos seus compañeiros na resistencia.



Outro grupo dos participantes destacou, non obstante, o maniqueísmo do autor que lles facía moi pouco cribles tanto a figura do torturador como (e especialmente) a do torturado.



En resumidas contas, un debate intenso que reafirmou o noso espírito pacifista... e nos deixou con fame de máis lecturas.